

“COÑECER AS CIDADES PATRIMONIO”

ENCANTRO FINAL: TOLEDO

TEMA DO TRABALLO “A AUGA NAS CIDADES PATRIMONIO”

PROGRAMA EDUCATIVO 10ª EDICIÓN

DESCRICIÓN. Presentamos a décima edición do programa educativo “Coñecer as Cidades Patrimonio”, dirixido ao alumnado de ESO de todos os centros escolares das trece cidades españolas declaradas patrimonio cultural da humanidade, co fin de que coñezan, aprendan e traballen tanto na súa cidade como no resto de cidades.

O programa secuenciado ao longo do curso escolar (ver fases de desenvolvemento), consiste en elaborar polos grupos escolares, dirixidos polos seus profesores/as, un traballo de investigación e de campo que experimentarán nunha visita de intercambio á cidade emparellada e a presentación do traballo nun encontro final na cidade organizadora. O contido do traballo basearase nunha temática previamente acordada; nesta ocasión incorporáronse novos recursos educativos que pretenden unha mellora cualitativa e cuantitativa.

OBXECTIVOS DIDACTICOS:

- Facilitar aos escolares o coñecemento da súa cidade e do resto de cidades Patrimonio, interactuando entre as distintas cidades e grupos.
- Promover o intercambio entre escolares, descubriendo elementos comúns e / ou singulares das cidades patrimonio da humanidade.
- Concienciar a mocidade escolarizada en ESO da importancia de vivir nunha cidade patrimonio, fomentando nela unha actitude activa, receptiva, dialogante e protagonista ante os problemas e posibilidades das cidades patrimonio.
- Desenvolver procesos de investigación escolar sobre a influencia de diferentes grupos sociais na conformación histórica do espazo urbano nas cidades patrimonio.
- Propiciar o coñecemento e o gozo do patrimonio urbano como a mellor maneira de implicarse na súa mellora e conservación, percibíndoo como parte do noso presente e da propia identidade.
- Impulsar as distintas experiencias didácticas que promovan o uso da cidade como recurso educativo.

CONTIDOS

Tema de traballo: “A auga nas Cidades Patrimonio”

Este tema de traballo tratarase de maneira interdisciplinar, desde distintas áreas curriculares e eixes transversais, partindo sempre desde a propia cidade do grupo e establecendo similitudes e / ou diferenzas coa cidade emparellada, podendo desenvolver, entre outros posibles, e sempre arredor da AUGA, os seguintes contidos:

- Conceptuais:

- Procesos históricos que a través do tempo forxaron os elementos patrimoniais.
- Feitos e acontecementos de enorme protagonismo social que ás veces pasan desapercibidos.
- Comprensión das funcións sociais que desempeñaron a través do tempo os elementos patrimoniais, e da importancia que tiveron desde o punto de vista social, como expresión dos valores dominantes en cada período histórico.


- Redes temáticas segundo etapas históricas: pasado romano, xudeo, pasado musulmán, cidades de importante tradición universitaria, diversidade monumental de carácter civil ou relixioso, etc.

- Comúns

- Busca de diversidade de fontes e documentos de estudo.
- Establecemento de semellanzas e diferenzas entre a cidade de estudo e na que se vive.
- Relación dos feitos da historia local coa da comunidade autónoma e de España.
- Recoñecemento e descrición de factores de cambio e continuidade no espazo urbano.
- Identificación de aspectos positivos e negativos do cambio urbanos relacionados co benestar cidadán e a calidade de vida.
- Valoración dos elementos singulares do patrimonio entendidos como herdanza que favorece unha visión intercultural da cidade actual.
- Respecto polos espazos urbanos de todo tipo fomentando a súa conservación e posta en valor.
- Achegamento ao protagonismo histórico dos grupos sociais fronte ás individualidades.
- Recuperación do esquecemento de determinados comportamentos ante minorías ou grupos sociais.

DESTINATARIOS

- Grupos escolares da Educación Secundaria Obrigatoria das trece cidades declaradas Patrimonio da Humanidade.
- Os traballos de investigación e de campo realizaranse segundo o seguinte emparejamento de cidades:



Os centros educativos de Toledo poderán presentar o traballo sobre calquera das outras doce cidades que están na rede.

RECURSOS

HUMANOS:

Asesoramento desde a cidade coordinadora.

En cada cidade haberá persoal técnico municipal que asesorará, informará, fará o seguimento e recompilará material de traballo.

MATERIAIS:

Cada cidade enviará á súa cidade de emparellamento material para o seu traballo:

- Publicación/s de información xeral da cidade.
- Publicación/s sobre temas específicos da cidade.
- Publicación/s sobre a temática obxecto da convocatoria: A Auga e a cidade sobre a que verse o traballo.
- Información sobre ligazóns e páxinas web, que sexan de utilidade para o desenvolvemento dos traballos.

FORMATIVOS:

Curso de formación para o profesorado que cada cidade organizará durante a primeira fase, en colaboración cos centros de profesores ou outros entes dedicados á formación.

OUTROS:

- Cuestionario de avaliación aberta que se fará chegar a todo o profesorado que se inscriban no programa.
- Exposición dos traballos.

F I C H A D E I N S C R I C I Ó N .

- CIDADE
- CENTRO EDUCATIVO
- ENDEREZO
- TFNO./ FAXCORREO ELECTRÓNICO.
- CURSO:. NIVELNº ALUMNOS/AS (Máx. 15)
- PROFESORADO RESPONSABLE:
- TELÉFONOS DE CONTACTO:.....
- CIDADE SOBRE A QUE SE FARÁ O TRABALLO
- TÍTULO DO TRABALLO

- O CENTRO PRESENTA OUTROS TRABALLOS: SI NO
- ADXUNTAR LISTAXE DO ALUMNADO NUNHA FOLLA APARTE

DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA

FASE A: Setembro – Outubro 2010

- Difusión do Programa nos centros educativos.
- Os centros interesados presentarán cumprimentada a ficha de inscrición e a listaxe de alumnos no Departamento de Educación do Concello de Santiago antes do 9 de outubro.
- Os centros recibirán da cidade do intercambio o material necesario para preparar os traballos. O material estará nos centros antes do 30 de outubro. Na mesma data se lle entregará ao profesorado un cuestionario de avaliación.
- Cada cidade convocará autonomamente ou a través do centro de profesores un curso de formación do profesorado con contido específico desta convocatoria e / ou outras xerais relacionadas co Patrimonio Cultural. Os profesores/as inscritos na convocatoria do programa terán preferencia na admisión do curso. O curso deberá realizarse no primeiro trimestre do curso escolar, podendo contemplar horas presenciais e outras non presenciais dedicadas ao seguimento da elaboración do traballo co alumnado.

FASE B: Novembro 2010 – Marzo 2011

- Os traballos realizados en cada centro presentaranse impresos no soporte que cada grupo elixa antes do 12 de marzo, xunto coa lista definitiva do alumnado (cun máximo de 15), e o cuestionario de avaliación cumprimentado. Igualmente entregaranse dúas copias, en formato dixital, do propio traballo (se o formato o permite) e / ou do proceso de elaboración do mesmo.
- Cada cidade preseleccionará un ou máis traballos. Para iso deberá potenciar un xurado de selección así como a exposición pública de todos os traballos. Neste apartado poderán colaborar os centros de profesores.
- O xurado das trece Cidades Patrimonio reunirse o día 29 de marzo en Toledo e seleccionará o traballo que representará a cada cidade.

FASE C: INTERCAMBIOS E ENCONTRO FINAL

INTERCAMBIOS:

Durante o mes de abril e nas datas anteriores e posteriores ao encontro final realizaranse as visitas de intercambio entre os grupos representantes das distintas cidades, onde o grupo poderá realizar o traballo de campo previsto.

ENCONTRO FINAL EN TOLEDO 4, 5 e 6 de maio.

Durante a PRIMEIRA SEMANA DE MAIO celebrarase o encontro final de Toledo, onde cada grupo exporá o seu traballo e conclusións e participará nun programa de actividades lúdicas, educativas e culturais.

O profesorado dos grupos que participen no encontro volverá remitir o cuestionario de avaliación referido á última fase do programa.

MÁIS INFORMACIÓN:

Concello de Toledo
Área de Goberno de Educación e Cultura
Plaza do Consistorio, 1
45071- Toledo
coordinacioncultura@ayto-toledo.org

Telef.: 925 26 97 00 - 925 26 97 30
Fax: 925 26 97 67

Concello de Santiago de Compostela
Departamento de Educación
Praza do Obradoiro nº 1
15705 Santiago de Compostela
Dptoeducacion@santiagodecompostela.org
Telef: 981 55 44 00 – 55 44 01
Fax: 981 57 15 11